

# Consideracións sobre a análise das relacións internacionais

*Fernando Pérez-Barreiro Nolla*

## Algunhas consideracións teóricas

---

Sabemos que os adiantos da tecnoloxía non produciron unha humanidade máis pacífica, senón todo o contrario. Como se non abondase todo un século para esta confirmación, o século que comeza aduce máis probas diso. Pero non é só cuestión de armamento ou de como perfeccionar as artes de exterminio físico. Entrecido con iso vai un fondo trastorno do coñecemento. Tamén dos sentimentos, seguramente, pero ímonos concentrar aquí no terreo da información e do coñecemento.

Repítese arreo que temos máis información ca nunca, ou dito dun xeito que é un pouco máis discutíbel, pero por iso mesmo máis aberto á fecunda crítica, que estamos mellor informados ca nunca. O primeiro é unha cuestión de cantidade, que é doado medir; o segundo é unha cuestión de calidade.

## A información instantánea

---

Un dos aspectos máis “visíbeis” –e nunca mellor dito– desa abundancia de información é o das redes de televisión continua que, segundo nos din, amósannos os acontecementos, e sinaladamente as guerras, de tal xeito que podemos velas segundo van ocorrendo. Teríase acadado así a simultaneidade completa da información. Dise, por exemplo, que a ‘guerra do Golfo’, a primeira, a de 1991, pasou toda diante dos ollos dos espectadores da CNN. Xa non se di tanto da segunda, ‘a do Iraq’, aínda en curso en realidade, e no medio houbo outra que transcorreu case por completo na escuridade televisiva: ‘a do Afganistán’. Foron guerras moi diferentes e, ata certo punto, iso podería explicar o seu diferente tratamento. Foi máis fácil dar imaxes de ataques de alta tecnoloxía, que levan xa incorporada na súa propia realización un elemento visualizado de fitos e traxectorias, que as operacións “de botas na terra” dunha infantería ocupante. E clara está a imposibilidade de filmar operacións de forzas especiais secretas, como foron as de Afganistán, nas que tamén houbo operacións de entrega de maletíns con dólares a caudillos, espías e axitadores ou provocadores. Non cabe dúbida de que a facilidade ou dificultade técnica vai acompañada de decisións políticas sobre o que convén ou non convén deixar ver. Isto é perfectamente lóxico e ata normal. Non importa tanto aquí a moralidade ou inmoralidade da operación coma os efectos que ten en crear unha falsa impresión de que o público está perfectamente informado do curso das operacións. Non fai falta ser moi desconfiado

para se decatarse de que non é así, incluso de que non pode ser así. Pero o caso é que esa impresión créase, e contribúe a deturpar o coñecemento e as condicións de pensamento en cuestións que son de vida ou morte, ou polo menos de moita importancia para a vida política nacional e internacional, que é cada vez máis, aínda que non o pareza, a vida diaria e inmediata de todos nós, e que reclama, coma sempre e máis ca nunca, a reflexión e o pensamento. Non é novo dicir que a primeira vítima das guerras é a verdade. Pero non é só da guerra, senón de todo conflito ou, se se quer, de toda interrelación entre os humanos, que iso é a política. Nunca foi doado, e a tecnoloxía apagou moitas esperanzas neste terreo. Non hai que esaxerar, nembargantes, o ángulo tecnolóxico desta cuestión.

Todo instrumento, todo avance, pode ser apropiado de inmediato por quen ten xa o poder. Ata certo punto, esa é unha das grandes vantaxes, case unha definición do poder: apropiarse das vantaxes que vaian xurdindo nos diferentes eidos. Pensemos, por exemplo, xa non en invencións concretas, senón nesa grande novidade que na historia se chama ‘a revolución’. Rara vez, ou nunca, ten libre desenvolvemento o potencial que aí xurde; queda logo xunguido ao carro de poderes que, a pouco que indagemos, estaban xa aí, máis ou menos visíbeis (menos, polo xeral) e que o dinamizan e executan por camiños que pouco teñen de novo. Nas revolucións, o poder nunca “cae na rúa” como din os temerosos; sempre hai mans que o collen no ar. Esas mans nunca son novas. Pasan anos ata chegar a percibirse esa falta de novidade. A interpretación máis dura, pero ben explicable, é a de que se restablece a “natureza humana” despois dun período de tolas esperanzas antinaturais.

A crítica dos medios é necesaria, practícase nas universidades e fóra delas, incluso está de moda, pero non parece ter resultado moi eficaz na práctica. Ten o perigo de xerar escepticismo e non ir máis alá. Está reclamando unha fundamentación epistemolóxica ou ontolóxica que só lle podería vir dunha forma de discurso filosófico que non parece ter moitos cultivadores hoxe.

Hai xa moitas testemuñas, á parte dos estudos académicos, da realidade desas informacións, que contan o que pasa sobre o terreo. Os correspondentes de guerra, que son os obreiros e non os patróns desa información, e que, en moitos casos, ademais de gran coraxe físico, teñen un gran talento expositivo, comunicativo e literario (sobre todo os anglosaxóns), publicaron libros coas súas experiencias, que son moi reveladores.

A relación entre comentario e imaxe é moi variada nesas correspondencias desde a escena das operacións –ou desde o teito do hotel máis ou menos próximo– pero parece primar a imaxe, sobre todo polos efectos acumulativos na memoria do espectador. O comentario carece, por bo que sexa, da perspectiva necesaria. O seu mérito e a súa limitación venlle de ser circunstancial. Incluso as verdades son verdades circunstanciais, unha categoría que existe e que convén analizar.

A crítica ideolóxica, centrada na procura do “ángulo” ou punto de vista do comunicado, útil no estudio académico, non é moi eficaz no curso calidoscópico desa realidade. Pódese crear tamén un hábito de descualificación de determinadas fontes

que acabe por desbotalas e facernos perder os grans de verdade que tal vez vaian envolvidos na palla da propaganda.

### **A noticia e o comentario**

---

O paso seguinte na escada da información é o da noticia e o comentario xornalísticos. Diferentes pero próximos entre si, ás veces entretrecidos na súa inmediatez, impresos, difundidos por radio ou televisión, ou informatizados, aspiran con todo a unha certa permanencia, unha virtude de arquivo que semella encamiñalos á historia. Levan en si unha vocación de fonte histórica. Teñen sido obxecto de crítica funcional en estudos académicos cada vez máis frecuentes, coa institucionalización maior cada vez dos estudos xornalísticos e da información de masas en xeral. O coñecemento de que quedan curtos en “obxectividade” non fai diminuír, senón todo o contrario, a sede de posuílos, dominalos ou contar con eles. Os intereses ideolóxicos na esfera política, e máis recentemente os económicos e comerciais, cultivan esa fonte de poder. A relación cos medios é un sector fundamental en calquera goberno, calquera empresa o calquera axencia de imaxe cotizábel de artistas, deportistas ou figuras de sociedade. Non fai falta crer no que digan os “*media*”. Está espallada abondo a consciencia de que non reflicten unha realidade ‘de confianza’. O fenómeno non só está xa estudiado, senón que, cunha eficacia que non é frecuente noutros estudos, pasou a ser de coñecemento xeral. Pero semella que esa consciencia non desacredita o medio, senón que da curso legal ao escepticismo. Un escepticismo funcional que opera con valores simbólicos convencionais, pero tan eficaces coma o do signo convencional triunfante, que é o diñeiro. A verdade non é naipe desta baralla; non fai falta, simplemente. Nada muda no curso dos acontecementos coa súa inserción, aínda se esa inserción fose posíbel ou non fose tan difícil como é. Cabe estudar ese mundo virtual e deducir aplicacións pragmáticas e eficaces. Nese estudio e nesa praxe o horizonte da verdade desaparece por inútil.

Aínda así, a verdade segue a ter un prestixio ético e xustificativo, ao que non se renuncia senón que entra, explícita ou implicitamente, na disposición e no artellamento estratéxico das operacións informativas. Mesmo na teoría elitista de Leo Strauss, na que resucita para os nosos tempos a doutrina clásica da razón de estado, e que inspira aos neoconservadores estadounidenses (varios deles fixeron o seu doutoramento con discípulos inmediatos de Strauss, como é Allan Bloom, ou se formaron con Albert Wohlstetter, da mesma caste ideolóxica), se recoñece que é preciso inventar unha verdade para consumo público. E, cando esa invención fracasa, a condena que se lle impón asenta en que a verdade era outra. Esas foron as leccións inmediatas da preparación informativa da ‘guerra do Iraq’.

Abonda lembrar as innúmeras reflexións e o interminábel debate sobre a natureza do saber histórico, e os métodos da historiografía para non se facer ilusións sobre a fiabilidade desa historia instantánea, que é no mellor dos casos o xornalismo.

E tal vez o problema veña de máis lonxe: a cuestionabilidade do coñecemento das relacións humanas, incluso as máis simples, polo infinito entretocado de factores irreductíbeis ao entendemento causal.

Por ese camiño incide o problema de veracidade da información, no da democracia e a configuración democrática das decisións de política internacional. A aspiración, declarada cando conclúe a ‘primeira guerra mundial’, a abolir a “diplomacia secreta”, equivalía a impor aos gobernos a obriga de dicir a verdade e esixirlles a conseguinte responsabilidade. Na práctica, traducíuse por un perfeccionamento das técnicas do disimulo, requintadas polo instrumental tecnolóxico cada vez máis afinado. Os imperativos e as urxencias da acción, ao non poder ser confesados, polos motivos que sexa, fan crear escusas que invocan a verdade, porque non pode ser doutra maneira no horizonte ético herdado. Na coñecida máxima de Rochefoucauld, “a hipocrisía é a homenaxe que o vicio rende á virtude”. Nesa interpretación, a verdade non existe ou é relativa, pero hai que invocala porque é operativa.

## A análise

---

Queda outro nivel, o da análise. O termo aplícase cada vez con máis frecuencia. Proliferan os analistas. ¿Será isto algo máis ca un intento de dar respectabilidade ao que no fondo non é máis ca comentario?

Poderíase comezar por pensar que a análise ten un fundamento máis científico que o simple comentario e, por implicación, que é máis neutral e obxectiva. E que dá unha base máis segura para a acción.

O persistente intento de facer máis “científicos” os estudos de realidades sociais (chamadas no comezo “espirituais” ou “morais”) non semellou ter as virtudes de curación que se descubriron, por exemplo, na medicina científica. O que xurdiu foi unha linguaxe ou xerga que fai posíbel dar voltas encol da realidade, bautízala e darnos a impresión de que a entendemos cando, todo o máis, a describimos.

Máis unha vez, non hai moito lugar para esperanzas neste camiño. Sobre todo cando tratamos das relacións internacionais, a súa historia e o seu presente. Patrick Finney expresa un feito que non é doado negar cando di que, “en termos teóricos e metodolóxicos, a historia internacional é un dos discursos máis conservadores dentro desta nosa disciplina conservadora”. Non se quere dicir con isto que no mellor da historia internacional contemporánea non se manifeste un concienciado rigor metodolóxico, un requinte conceptual e un recen xurdido “pluralismo” interpretativo, nin tampouco que non sexa case imposible recoñecer nela a historia diplomática de Ranke, que foi quen a xerou. Pero a maioría dos que a profesan seguen a ser devotos ferreños de metodoloxías empíricas, asentadas en premisas que dan por suposto que o pasado é accesible á pescuda obxectiva, e se consagran ao fito de acadar con certa seguridade verdades históricas definitivas. [...] Os estudiosos da historia internacional están mal equipados por formación

profesional, e pouco inclinados por temperamento, a entrar en debates teóricos ou filosóficos”<sup>(1)</sup>.

As queixas de Finney poden estar xustificadas, pero o que el chama “empirismo” e o que preferimos chamar realismo, no sentido da filosofía medieval, pero tamén moi próximo, curiosamente, ao que así se chama na teoría das relacións internacionais. É certo que esa crenza na posibilidade dun coñecemento obxectivo afectou sobre todo á historia diplomática, pero non tanto aos estudos interdisciplinares que viñeron constituíndo o que chamamos “relacións internacionais” coma área de estudo académico. A proposta de Finney, coma a de moitos outros estudiosos, é a de abri-lle paso aos procedementos posmodernos nestes eidos.

As diversas propostas de desconstrución e análise do discurso non son moi prometedoras nestes eidos. Poden erixir “torres de Babel” infinitas, que reformulan e reforman o escepticismo ao que por tantos camiños se chegara xa na análise do decorrer contemporáneo e do pasado. Nun recente estudio de Patrick O’Sullivan sobre os estudos da diáspora irlandesa, publicado nesta mesma revista<sup>(2)</sup>, fanse observacións moi agudas sobre os efectos do que el chama “*foucaultizar*” e “*lyotardizar*” unha disciplina, e o autor delas aconsella, partindo da súa experiencia neses estudos, re-crear das teorías que tratan de demostrar a imposibilidade de acadar o coñecemento auténtico, aínda que o proxecto esixa adoptar con frecuencia unha postura crítica diante do que pasa por saber<sup>(3)</sup>. Cómpre sinalar que unha perspectiva posmoderna é ideal para a política de administración da noticia e o comentario que practican, e por veces, teorizan os neoconservadores tan influentes estes últimos anos na política internacional estadounidense.

Estas cuestións metodolóxicas, como tamén a máis vella pero aínda viva confrontación entre realismo e idealismo, con todas as súas matizacións e derivacións, no estudio das relacións internacionais, semellan aplicábeis a este nivel de coñecemento que cualificamos de análise.

O analista encóntrase defrontado, igual que o xornalista, igual que o correspondente, igual que todos nós, cunha falta de criterio de verdade que oriente a análise. A historia do pensamento ofrécelle como resultado máis recente unha perspectiva posmoderna, que é outra maneira de chamarlle ao relativismo clásico.

### Algunhas consideracións prácticas

Na práctica, estase reservando o nome de análise para un estudio máis demorado que o do xornalista, pero máis urxente que o do académico, que se fai

(1) FINNEY, Patrick: *International History, theory and the origins of World War II*, in ROBERTS, Geoffrey (ed): *The History and Narrative Reader*, Routledge, London and New York, 2001.

(2) O’SULLIVAN, Patrick: *O desenvolvemento dos Estudos da Diáspora Irlandesa: éxito e fracaso dunha interpretación académica*, en *Tempo Exterior*, segunda época, Vol III, n° 5, xuño-dembro 2002.

(3) Op cit, páxina 69.

case sempre nun marco institucional e para un destinatario máis concreto que o público en xeral. Ese “cliente” do analista pode ser un goberno, unha empresa ou os subscritores dun servizo. Todos eses clientes esperan algo máis que o comentario xornalístico. A esa diferenza de destinatario corresponde unha diferenza do que se lle ofrece. E caben dúas posibilidades: ou o analista ten mellor información, exclusiva ou case exclusiva, ou un criterio máis rigoroso. Hai que establecer unha diferenza deste xénero, se a análise vai ser algo máis que unha designación “elevada” do comentario.

O interese do usuario ou do cliente é fundamental. Por unha banda, poderíase pensar que o comentario “xornalístico” serve ao interese público, ou ao interese do público, que son cousas diferentes. Pero o primeiro é tan xeral e a definición do interese público tan ideolóxica, que por ese camiño se entra no complexo mundo do poder ou dos poderes xornalísticos, que non é o noso tema aquí, a non ser para confirmar os motivos do escepticismo. Igual ocorre cos intereses do público, que son xeralmente creados ou cultivados polos propios medios de masas, ou levan a enquisas interminábeis que supoñen o abandono do criterio dos responsábeis da redacción.

O interese concreto parece, pois, por paradoxo, ser garante de certa obxectividade. Se a filosofía ten deixado orfo ou descoidado ao analista, e non semella doado falar da verdade, haberá que agradecerlle ao cliente esa oportunidade de render conta obxectiva de realidades complexas. Abonda ollar as análises financeiras fiábeis para o capital. Esas análises, destinadas a círculos inversores ou empresariais, son tamén fonte indispensable para o sindicalismo ben informado.

O analista que fornece interpretacións da “*intelligence*” aos activistas dunha causa ten que ler e seguir de preto as interpretacións dirixidas á parte contraria. E non para chegar á conclusión de que o inimigo é pérfido e máis nada. Iso pode ser edificante, boa propaganda, pero non é análise.

O poder ou os intereses que precisan de poder están prontos a pagar para difundir información influente. As técnicas da publicidade serven tanto para vender un produto como para “vender” unha política (como agora se di xa con normalidade, revelando unha verdade fonda). Pero pagan tamén para ter a información que necesitan. Para difundir información equívoca necesitan “*intelligence*” que sexa “verdadeira”.

Habería que ver como traspas os métodos e os criterios dese xénero de análise á que se faga sen cliente concreto.

O analista ideal pode ter unha ideoloxía, e é pouco menos que imposible que non a teña, pero non debe militar á hora de analizar. A militancia pode ser eficaz na propaganda, pero non na análise. Existe e ten que existir en toda actuación colectiva encamiñada á realización dun ideal ou duns valores determinados unha literatura edificante, que serve para fortalecer os ánimos dos combatentes, e tamén unha literatura didáctica para a formación dos militantes. Fai falta tamén unha literatura de difusión, de propaganda no mellor sentido, que faga chegar as propostas ao público en xeral. Pero nada diso é análise en sentido propio. Quen teña que deseñar as liñas de acción e

tomar decisións a distintos niveis precisa da análise. E tamén precisa dela quen se debruza sobre as realidades do mundo e quere entendelo.

A procura de análise dese xénero tenta superar o dogma relativista e oporlle a polivalencia da verdade. Aséntase na crenza de que hai lugar para o entendemento e de que a verdade é o máis útil e liberador a longo prazo.

---

*Fernando Pérez-Barreiro Nolla é membro do Consello Asesor do Igadi.*